| | |
|---|---|
| **Comunidade Autónoma / Departamento / Estado** | GALICIA |
| **Municipio** | SANTA COMBA |
| **Edificio** | Igrexa de Santo André da Pereira |
| **Dirección** | Rúa Vilar de Abaixo, s/n. 15837 |
| | 42.99301322178074 -8.87041372661317 |
| **Protección** | |
| **Descricion** | Os templos de plano central son pouco habituais nesta zona, de aí a singularidade de San Andrés da Pereira. Retomando ancestrais disposicións formais con forma de cruz grega, esta igrexa presenta unha planta que parece ter os brazos de iguais dimensións, aínda que un pouco desvirtuados polos volumes anexos ó muro norte (sancristía e pequeno oratorio).<br>No interior a capela maior e a nave cóbrense con bóveda de canón que descarga, directamente, nos muros de carga de cachotería.<br>A cuberta é a tres augas na nave e a unha nos anexos. A fachada, pola contra, é de cantería. Esta última posúe unha disposición xa coñecida pero de grande orixinalidade na ornamentación, xa que a fornela que alberga a imaxe do santo titular está gardada por un frontón partido, na súa parte inferior, e un frontón curvo, na parte superior. Ademais unha parte dela é translúcida, a modo de transparente, recurso moi utilizado na arquitectura barroca. Esta ornamentación complétase cunha cornixa rematada en volutas e pináculos piramidais.<br>O campanario, sobre unha base prismática, ofrece dous corpos. O primeiro con arcos de medio punto sobre machóns e un segundo, cupuliforme. |
| **Campás** | 2 campás. |
| **Fotos** | 1 |
| **Toques actuais de campás** | |
| **Conservación, mantemento** | |
| **Propostas** | |
| **Autors da documentación** | TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA |
| **Data** | 03-02-2021 |

## Campás actuais

| Localización | Campá | Fundidor | Ano de fundición | Diámetro (en cm) | Peso |
|---|---|---|---|---|---|
| Torre-campanario | Campá menor (1) | OCAMPO (ARCOS DA CONDESA) | 1953 | 53 | 86 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Torre-campanario | Campá maior (2) | OCAMPO (ARCOS DA CONDESA) | 1955 | 67 | 174 |

Información completa: Igrexa de Santo André da Pereira - SANTA COMBA (GALICIA)

PDF (24-05-2026)